



**VALDOVIÑO**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

**Expte: 2023/G007/000037**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día nove de novembro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 699 de data 15 de novembro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, asistindo ademais, a interventora municipal, dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 09.11.23 (ORDINARIA).-**

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 09.11.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/41.-**

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/41.

Elabórase a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/41 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 10 facturas ascende á cantidade de CENTO UN MIL CENTO TRINTA E NOVE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (101.139,79 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

#### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2023/41 por importe bruto de

101.139,79 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X999/000165).**

**3º.- SOLICITUDE DE TRES LICENZAS PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DON M [REDACTED] S [REDACTED] M [REDACTED].-**

**Proposta de Alcaldía**

“Expte. 2023/R002/000010

Vista a instancia de don M [REDACTED] S [REDACTED] M [REDACTED] formulada en data 13 de novembro de 2023, rexistro xeral de entrada núm. 20230000003236 pola que solicita que se lle conceda tres licenzas municipais para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroadado neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Conceder as tres licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos a don M [REDACTED] S [REDACTED] M [REDACTED] cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron ao interesado como documento acreditativo desta concesión.

**Segundo.-** O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso ao interesado, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA O MARXE”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/R002/000010).**

**4º.- APROBACIÓN DE PROGRAMACIÓN COMPLEMENTARIA E GASTO EN RELACIÓN AO “25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”.-**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN COMPLEMENTARIA E GASTO EN RELACIÓN AO “25 DE NOVIEMBRE: DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES (2023)**

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a retención de crédito e o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

**“INFORME COMPLEMENTARIO SOBRE A PROGRAMACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES (2023)**

*Iria García Martínez, Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño, en relación ao programa municipal “Somos e contamos” de igualdade, diversidade e prevención de violencia de xénero*

**INFORMO**

1. Que en data 09.11.2023 aprobouse en Xunta de Goberno Local a programación de actividades relativa a esta data.
2. Que posteriormente concrétase a posibilidade de facer unha nova actividade relacionada coa Campaña da Deputación “#DE FRONTE á violencia de xénero”. Consistirá nun OBRADOIRO para Mulleres que ten como obxectivo elaboración dunha micro peza dixital en formato stop motion sobre violencias machistas no lecer e ocio nocturno. Realizarase o día 27 de novembro no Centro sociocomunitario.
3. Que para realizar as actividades programadas é preciso asumir o seguinte gasto:
  - Os desprazamentos da persoa que imparte as sesións da actividade “Encantada de Coñecerme“, que son dende Coruña. A entidade presentará factura para xustificar o dito gasto.
  - Para a actividade programada para o 25 de novembro decídese incorporar o reparto dun material de sensibilización entre as persoas participantes, que son unhas “bragas” para o pescozo de cor violeta. Para o seu deseño e orzamento solicitouse proposta a tres entidades (El rey gato, Marca Negra e Rótul Gráficas Fene) das cales só presentou orzamento Rótul Gráficas Fene cun importe total de 399,30 euros (200 exemplares).
4. O Concello de Valdoviño ten adxudicada unha cantidade económica polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Resolución 20.07.2023) por un importe de 2.746,51 euros á que se pode imputar os gastos presentados anteriormente.

**SOLICITO**

*Aprobar a actividade presentada de xeito complementario e o gasto correspondente para a realización das actividades*

*En Valdoviño a 13 de novembro de 2023*

*Iria García Martínez*

*Educadora Social (Col. 3545)”*

**PROPOÑO:**

*á Xunta de Goberno Local a aprobación da programación complementaria e do gasto presentado en relación ao 25 de novembro “Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres”*

*En Valdoviño, a 15 de novembro de 2023*

Alberto González Fernández  
O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/S011/000008).

#### 5º.- APROBACIÓN ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCIZO 2024.-

#### **PROPOSTA DE ALCALDIA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCIZO 2024**

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de adherirse ao programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o ano 2024 (FOPSS / 2024) e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

Paula Fernández Dopazo, Traballadora Social do Concello de Valdoviño (Colexiada 2116) en relación coa convocatoria de subvencións do Programa de Financiamento de Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2023 (BOP nº 194 do 10 de outubro de 2023).

#### **INFORMO:**

- Que segundo a base 13 da convocatoria o Concello de Valdoviño ten previstas as seguintes contías de financiamento, recollidas como achegas máximas, por parte da Deputación Provincial de A Coruña para o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios para o exercizo 2024:
  - a. Módulo I (Persoal administrativo grupo C1 ou C2): 18.000 euros.
  - b. Módulo II (Persoal técnico A2): 22.000 euros.
  - c. Horas concedidas SAF libre concorrencia (4.200 horas): 50.400 euros.
- Que en acordo adoptado no Pleno da Corporación do Concello de Valdoviño do 02.11.2023, se aproba a modificación contractual do contrato de servizo de axuda no fogar pasando o prezo/hora do servizo a 19,04 euros/hora (sen IVE). O orzamento anual do servizo de axuda no fogar non sofre variacións polo que se realiza un axuste nas horas a realizar en ambas modalidades, adaptándoas ao novo prezo e ao orzamento anual, segundo o seguinte:

		Estimación nº hs prestación de servizo	Prezo/h max. Sen IVE	IVE	Prezo/h max. con IVE	Importe total anual sen IVE	Importe total anual con IVE
Dependencia	Ordinarias	40.723,51	19,04	4%	19,80	775.375,63	806.325,60
	Domingos e festivos	1.918,91	19,04	4%	19,80	36.536,05	37.994,40
Libre concorrencia	Ordinarias	2.984,53	19,04	10%	20,94	56.825,45	62.496,00
	Domingo	214,62	19,04	10%	20,94	4.086,36	4.464,00

	se festivos			%			
<b>ORZAMENTO MAXIMO ANUAL</b>						<b>872.823,49</b>	<b>911.280,00</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Segundo isto, e sen ter en conta outras posibles variacións, o número de horas correspondentes ao SAF libre concorrência pasan a ser de 3.199,15 anuais.</li> <li>O financiamento solicitado á Deputación Provincial para o exercizo 2024, e incluído na correspondente solicitude, aproxímase a esta intensidade anual, cun marxe superior tendo en conta horas da modalidade de dependencia que non sexan efectivamente realizadas. En todo caso o volumen anual de horas en ambas modalidades non excederá do orzamento anual establecido no contrato para o servizo de axuda no fogar.</li> </ul> <p><b>PROPOÑO</b></p> <p>Á xunta de Goberno Local a aceptación do seguinte contemplado nas bases:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Aceptar as bases da convocatoria, do <b>Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2024</b>, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.</li> <li><b>Adherirse ao PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2024</b>, de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado coa solicitude.</li> <li>Solicitar o seguinte financiamento para o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios para o exercizo 2024: <ul style="list-style-type: none"> <li>a. Módulo I (Persoal administrativo grupo C1 ou C2): 18.000 euros.</li> <li>b. Módulo II (Persoal técnico A2): 22.000 euros.</li> <li>c. Horas solicitadas SAF libre concorrência (3.480 horas anuais): 41.760 euros. <ul style="list-style-type: none"> <li>i. Total solicitado: 81.760 euros.</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>							

**PROPOÑO**

Á xunta de Goberno Local a aprobación do seguinte:

- A aceptación das bases da convocatoria, do **Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2024**, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.
- A adhesión ao PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2024 (FOPSS / 2024**, de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado coa solicitude.
- A solicitude do seguinte financiamento para o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios para o exercizo 2024:
  - a. Módulo I (Persoal administrativo grupo C1 ou C2): 18.000 euros.
  - b. Módulo II (Persoal técnico A2): 22.000 euros.
  - c. Horas solicitadas SAF libre concorrência (3.480 horas anuais): 41.760 euros.
    - i. Total solicitado: 81.760 euros.

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

A Traballadora Social

Asdo. Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/A002/000005).**

**6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e cincuenta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*